

1. EN DEFENSA DAS RIAS

FORO ABERTO EN DEFENSA DAS RIAS

1.1. A IMPORTÁNCIA NATURAL E SOCIOECONÓMICA DAS RIAS GALEGAS

Valores Naturais

A liña de costa abrangue en Galiza uns 1195 quilómetros, máis do 35% de toda a costa da península Ibérica. Conta con acantilados de até 600 m de altura, na Serra da Capelada, os maiores da Península; rasas mariñas e numerosas illas e illotes. Arredor dun 35% do litoral, uns 600 km, están dominados por praias e outros areais, incluíndo as áreas dunares. Un rosário de lagoas ornan o litoral galego, algunhas totalmente illadas do mar e outras comunicadas por unha pequena canle.

No litoral galego combinan-se e coexisten medios de elevada produtividade (rias, lagoas...) con outros medios de condicións difíciles e extremas para a vida (areais, acantilados...). Isto explica que se trate de zonas onde se dan elevados índices de biodiversidade (ecosistemas diversificados) xuntamente coa presenza de numerosas especies endémicas, que se adaptaron ás condicións especiais dalgunhas destas áreas.

Protexer e conservar uns e outros medios é requisito necesario para conservar a biodiversidade no seu conxunto e preservar os recursos naturais que son base dunha importantísima actividade económica, garantindo a súa renovabilidade. Desde este punto de vista, sobresaen as rias como elementos básicos dos ecosistemas litorais e de potencialidade económica do litoral.

A plataforma continental de Galiza, cuns 25 km de ancho e uns 10.000 km² de superficie, está considerada como unha importante área de afloramento de augas profundas, o que orixina unha zona excepcional de produción primaria e riqueza biolóxica. As rias galegas son contornos mariños semipechados complexos, pois no seu conxunto agrupan unha área considerábel de auga mariña sometida a eses mesmos procesos de afloramento costeiro e complementada coa achega dos ríos. Esta combinación de elementos físicos, oceanográficos e biolóxicos configuran as rias galegas como espazos naturais únicos no mundo e explican a elevadísima produtividade primaria e a riqueza ecolóxica das mesmas.

As características de singularidade e elevada biodiversidade das rias galegas, dentro da rexión bioxeográfica atlántica, podemos-las resumir en:



No litoral galego combinan-se e coexisten meios de elevada produtividade (rias, lagoas...) con outros meios de condicións difíciles e extremas para a vida (areaais, acantilados...), ambos de grande interese ecolóxico

- a) Considerábel volume de auga mariña, en rexime de semi-confinamento, sometida a procesos de afloramento mariño interno, derivado da súa condición de cuncas fluviais afundidas e de considerábel profundidade.
- b) Complementariedade de numerosas zonas estuáricas internas, con elevada presenza de praias, humidaís, lagoas e zonas dunares
- c) Existencia de numerosas illas e barras interiores
- d) Ampla diversidade paisaxística
- e) Existencia de diversos hábitats submarinos
- f) Alta riqueza ornitolóxica, ao estaren as rias situadas na via de voo do Atlántico Oriental de aves migratorias.
- g) Zona de importancia para mamíferos mariños
- h) Zona de cria de moluscos, peixes e crustáceos.

Zonas oficialmente protexidas

Expoñente de todo isto é a existencia de zonas oficialmente protexidas e outros hábitats con flora e fauna de especial interese. Os espazos de interese natural oficialmente recoñecidos son os seguintes:

PARQUES NATURAIS: Illas Cies (até a súa inclusión no Parque Nacional), por un lado, e Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, por outro.

ZONAS ZEPA (Zonas de Especial Protección das Aves): Ria de Ribadeo, Ria de Ortigueira e Ladrado, Lagoa de Valdoviño, Complexo Intermareal Úmia-O Grove, Illas Cies

ZONAS RAMSAR (Convénio internacional de protección das zonas húmidas):

Ria de Ribadeo, Ria de Ortigueira, Lagoa de Valdoviño, Lagoa de Doniños, Complexo Húmido de Corrubedo e Complexo Intermareal Úmia-O Grove




Figura 1.1. A Revista Cerna ten recollido numerosos artigos sobre o litoral galego

PARQUES NACIONAIS: As Illas Atlánticas combinan o seu carácter predominantemente atlántico cunha notábel influencia mediterránea, o que explica a presenza de determinadas especies de grande interese. Nos sistemas costeiros, e sobre todo nos complexos praia-duna, é onde se acha o meirande número de plantas raras e ameazadas de Galiza. En concreto, estas illas aportan 19 especies das pouco mais de 100 que se prevé recoller no libro vermello da flora galega. Estas illas contan tamén con comuni-

dades vexetais e animais de grande interese, incluíndo varias especies animais ameazadas de extinción. Ecoloxistas e científicos teñen reclamado a inclusión no Parque Nacional doutras illas (Sisargas...) e algunhas áreas marítimas e costeiras continentais.

REDE NATURA 2000. A proposta galega de espazos a incluír na rede natura 2000 (Xunta de Galiza, abril de 2000, con diversas modificacións posteriores) inclúe máis de 50 lugares de interese comunitario, dos que uns 20 están situados no litoral, maiormente nas rias. Os lugares son os seguintes:

Baixo Miño	Enseada de San Simón
Betanzos-Mandeo	Estaca de Bares
Cabo Udra, no Morrazo	Esteiro do Tambre
Carnota e Monte Pindo	Illas Cies
As Catedrais	Illas Estelas
Cplexo Húmido de Corrubedo	Monte e Lagoa de Louro
Complexo de Ons-O Grove	Ria de Ortigueira – Mera
Costa Ártabra	A Ramallosa
Costa da Morte	Ria de Foz-Masma
Costa da Vela	Rio Eo
Costa de Dexo	

Por outro lado, as cinco zonas ZEPA, todas elas situadas no litoral, tamén pasarán a formar parte da rede natura 2000.




Figura 1.2. Localización dos espazos para a futura Rede Natura 2000 en Galiza, segundo a proposta inicial da Xunta

Situación de protección dos valores naturais

Sen embargo, a pesar de que o litoral acolle o 40% do número de lugares de interese comunitario, a porcentaxe da superficie total ve-se reducida até o 10%, de tal forma que a maioría son espazos de moi reducido tamaño, o que dificulta ou impide acadar os obxectivos de conservación. Así mesmo, a proposta é deficiente ao menos no referido ás áreas marítimas de importancia para a conservación dos mamíferos, así como na conservación dos ecosistemas fluviais.

Por outra banda, sendo esta a proposta inicial, non se sabe aínda cales van ser os espazos incluídos definitivamente na Rede Natura, e tampouco se sabe que vai pasar con uns e con outros: nen sequera as medidas de conservación da Rede Natura están definidos nen conta con medios asinados.

A plataforma continental de Galiza, cuns 10.000 km² de superficie, orixinou unha zona excepcional de produción primaria e riqueza biolóxica

A isto temos que engadir que ningún dos espazos protexidos por unha ou outra figura abrangue unha ría completa, polo que se verán afectados polos impactos causados noutras zonas das rías, nen contemplan a conservación dos valores de renovabilidade e produtividade destas. As rías en xeral achan-se carentes de toda normativa de protección e planificación, tendo hoxe o mesmo tratamento que o mar aberto¹.

Aliás, a política de protección de espazos singulares ten-se mostrado insuficiente mesmo para garantir a conservación dos valores interiores a eses espazos. Así, os expertos falan de fracaso do concepto clásico de conservación, aquel baseado na declaración de parques naturais e outras figuras de protección, para considerar necesaria unha política máis global que integre no seu conxunto o territorio e as actividades económicas.

En todo caso, os valores naturais e produtivos das rías dependen non só do que se fai no seo das mesmas, senón dun contorno máis amplo, que inclúe o litoral, os ríos e mesmo a alta mar.

Valor socioeconómico das rías galegas

A produtividade, a complexidade e diversidade xeográfica e a climatoloxía, teñen permitido desenvolver toda unha serie de actividades económicas dependentes da calidade ambiental e natural das rías, mostrando claramente o seu elevadísimo valor socioeconómico, a pesares de que moitas destas actividades se teñen desenvolvido por propia iniciativa das xentes da súa beiramar, sen o apoio da Administración e incluso cunha política abertamente favorable ao mantemento da situación de subdesenvolvemento das rías.

Dentro destas actividades podemos mencionar a relevancia das seguintes:

A) O Complexo MAR-INDÚSTRIA

De acordo co PEDEGA (Plano Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galiza), o valor engadido bruto do Complexo Mar-Industria, acadou en 1994 uns

1. Este documento do Foro foi redactado antes da aprobación da "Lei de Protección da Calidade da Auga das Rías..." (verán de 2001). O Foro criticou esta lei e afirmou que non resolverá as deficiencias que se mencionan neste documento (vexa-se Cerna nº 32).

120.000 millóns de pta² (o 3,2% de todo o VEB de Galiza) e dá emprego a 52.000 galegos e galegas (o 5,5% do emprego total).

B) O Complexo TURÍSTICO

Segundo a mesma fonte, representaba en 1994 un VEB duns 181.000 millóns de pta (4,9% do VEB) e 44.000 empregos directos (4,7%).

C) O Complexo NATURAL

O Director de Entorno ten cifrado en 135.000 os empregos directamente relacionados co medio ambiente no Estado Español e nas súas diversas facetas de investigación, xestión e eliminación de residuos e recuperación. As perspectivas para o ano 2.002 estimábanse en 85.000 novos postos de traballo relacionados con este sector. Noutros países comunitarios onde están implantadas e funcionando as directivas comunitarias, o peso deste sector ten medrado moito no conxunto do emprego. Así en Alemaña un 2.3% dos empregos teñen que ver co medio ambiente.




Figura 1.3. A calidade das praias e a súa conservación para o baño e o sol constitúen un recurso dunha importancia social incalculábel

de peixes e de crustáceos

- As industrias transformadoras e comercializadoras mariñas están nun proceso ascendente constante
- O Complexo turístico representa na actualidade valores moi próximos o 10% do PIB galego e son as rias galegas onde se está a experimentar un maior crecemento e diversificación en numerosas actividades de lecer, de natureza, turismo náutico, mergullo e pesca deportiva, etc...

É de destacar que nos últimos anos foi notábel o incremento de moitas das actividades máis relevantes do litoral:

- A acuicultura do mexillón pasou de facturar 10.000 millóns de pta en 1990, a un pouco máis de 18.000 millóns en 1999
- O marisqueo ten duplicado o seu valor entre 1994 e 1999, acadando unha produción valorada en primeira venda en 7.000 millóns de ptas
- O cultivo de rodaballo ten achegado seu valor aos 3.200 millóns de ptas anuais e segue crescendo e estánse dando os primeiros pasos firmes no desenvolvemento do cultivo de cefalópodos (polbo), doutras especies

2. Para actualizar a euros, divide-se a cifra en pesetas por 166,683.



Non todo este crecemento foi positivo para o medio ambiente nen para o desenvolvemento sustentábel, pois en moitos casos, estas actividades teñen-se implantado sen suficiente planificación e racionalidade, pero son moi indicativas do importante valor socioeconómico das nosas rias e litoral.

Así mesmo, moitas destas actividades económicas e outras que se poderían desenvolver, supoñen un alto nivel de reparto social da riqueza global que xeran, destacando o seu poder xerador de emprego e demostrando que representan un sostén básico para os sectores comerciais, de servizos e construción locais. Esta característica social reflicte-se cunha maior importancia na maioría das vilas e cidades de tamaño medio da nosa beiramar. O Informe FEUGA-1999, sobre a Ordenación Integral do Espacio Marítimo-Terrestre de Galiza, resalta nas súas conclusións o seguinte:

O litoral acolle o 40% do número de lugares de interese comunitario pero só o 10% da superficie da proposta para a Rede Natura: o reducido tamaño da maioría dos espazos dificulta a conservación

“ O emprego medio vinculado ao complexo pesqueiro na zona do estudo (os concellos costeiros), sitúase arredor do 20% do emprego total. Esta porcentaxe excede o 50% na zona da Ría de Arousa debido á especial proliferación de bateas e do marisqueo.

O valor engadido medio do complexo pesqueiro na Galiza costeira sitúase arredor do 15 % do valor engadido total de dito espazo costeiro. En determinadas zonas como as da Ría de Arousa, Ría de Camariñas, Mariña Lucense e Estaca de Bares, a porcentaxe é moito máis elevada, superior ao 20%, e nalgúns casos superior ao 30% (Ría de Arousa). ”

Todas estas consideracións adquiren unha maior relevancia se temos en conta as perspectivas de futuro destes sectores. O seu potencial de crecemento ven determinado polos seguintes factores:

A) O incremento da demanda dos produtos pesqueiro-marisqueiros, de turismo de calidade e de servizos da natureza.

B) A elevada calidade dos produtos que nestes segmentos ofrecen as rias e a necesidade dun incremento na conservación e mellora medio-ambiental como pilar básico desa calidade e competitividade. A dispoñibilidade de miles de quilómetros de litoral e centos de millóns de metros cadrados para acuicultura, turismo e actividades de natureza, conforman a magnitude económica que as rias e o litoral poden xogar na economía galega, e indican-nos a imperiosa necesidade de conservar os recursos naturais e a calidade do medio para garantir o desenvolvemento sustentábel e o futuro das xeracións inmediatas.

C) A dispoñibilidade de coñecementos técnicos, persoal cualificado e rede comercial suficiente e de calidade nos que apoiar este desenvolvemento sustentabel.



1.2. DETERIORACIÓN DO MEIO NATURAL NAS RIAS GALEGAS

Se ben todos os elementos naturais do litoral reflicten a deterioración causada polas diferentes actividades humanas, as rias e o seu litoral inmediato son o expoñente máximo desta deterioración, xa que, ao ser o soporte da maioría das actividades e instalacións, son obxecto de extensos e continuados recheos, e actúan como sumidoiros de diferentes residuos.

Constatamos un deterioro continuado, agravado polo incremento da actividade económica nas rias e no seu contorno, a aparición de novas actividades e contaminantes, ou a intensificación dalgunhas delas altamente impactantes.

A razón desta deterioración está na non valoración dos recursos naturais, a falla de planificación territorial, o modelo de industrialización aplicado e a falla de apoio as actividades de desenvolvemento sustentábel.

Os diversos planos globais da Xunta (PORPMG, Pedega...) non só constatan este deterioro e a súa intensidade, senón que tamén poñen de manifesto a continuación do modelo socioeconómico que o causa, polo que cabe prever unha agravación do deterioro ambiental no litoral, se non se toman as medidas económicas, sociais e ambientais que o palien.

Constatamos un deterioro continuado, agravado pola aparición de novas actividades e contaminantes e a intensificación daquelas altamente impactantes



Figura 1.4. A pesca e o marisqueo constitúen un dos principais sectores da economía galega numerosas veces posto en perigo polo manexo do petróleo e derivados

O deterioro ambiental nota-se especialmente na calidade das augas mariñas e no meio mariño das rias en xeral, onde ten chegado a traducir-se en perdas de produtividade ou en prohibicións pola perda da calidade sanitaria do meio e dos produtos. Sen embargo, a orixe dos impactos non está só nas rias e no seu contorno mais ime-



diato, senón que comprende un ámbito maior, incluíndo todo o litoral, os ríos e mesmo a alta mar.

Hoxe, este deterioro só se ve contrarrestado polo medre da conciencia cidadá en xeral, a actividade dos grupos en defensa da natureza e a propia capacidade rexe-neradora das rias.

1.3. POR UNHA FUTURA LEI DE DEFENSA DAS RIAS GALEGAS

Para o Foro, o fundamento dunha verdadeira Lei das Rias debe ser a necesidade de planificación do desenvolvemento territorial, industrial e de infraestruturas baseando-se no concepto de prevención dos impactos ambientais e na recuperación e conservación do medio natural. A lei deberá fomentar o coñecimento dos ecosiste-mas e dos procesos naturais e produtivos, así como as súas repercusións no medio, compatibilidades e incompatibilidades, e garantir a participación cidadá.

A elevada calidade dos produtos das rias indi-ca-nos a necesidade da conservación e mellora medio-ambiental como pilar básico desa cali-dade e da competitiv-i-dade económica

Cadro 1.1

Actuacións para a prevención da contaminación e os impactos negativos nas rías propostas polo Foro

Prohibición de actividades perigosas no interior das zonas protexidas:

- Tránsito e almacenamento de hidrocarburos
- Celulosas
- Industria química....

Delimitación e planificación da ocupación de espazos físico naturais:

- Litoral de ríos e rias
- Humidaís, zonas estuáricas
- Política a desenvolver en materia de encoros, recheos, paseos marítimos, peiraos...

Depuración adecuada e control dos vertidos de residuos nocivos na auga mariña

- Augas residuais urbanas
- Vertidos industriais
- Resíduos agrícolas
- Resíduos da acuicultura e actividades pesqueiro-marisqueiras

Restablecemento ou recuperación das dinámicas naturais

- Encoros nos ríos
- Explotación comercial de poboacións naturais
- Integración das actividades de desenvolvemento sustentábel

Solución das alteracións nocivas colaterais, tais como:

- Mareas fitoplanctónicas tóxicas
- Aceleración dos procesos de sedimentación de finos e enlodamento nas zonas estuáricas e interior das rias
- Importación de patoloxías e especies alóctonas
- Diminución das zonas aptas para cultivos mariños
- Perda da calidade augas de baño



Os obxectivos deben ser a conservación dos ecosistemas, o uso sustentábel dos recursos naturais e a preservación da saúde e calidade de vida cidadá. Para isto deberá-se apoiar ao desenvolvemento sustentábel e garantir a prevención da conta-minación e os impactos negativos no medio natural das rias e o seu contorno.

Para o Foro, a "Lei de protección da calidade das augas das rias e ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas" aprobada en 2001 polo Parlamento Galego carece dun enfoque integral para a ordenación e xestión do litoral. Isto cando xa se consideran fracasadas as políticas dos anos setenta e oitenta baseadas na fixación de parámetros de calidade do medio, e cando a Comisión Europea xa aprobara (febreiro de 2001) unha Resolución sobre a ordenación integral do litoral para enfrontar os problemas de degradación medioambiental, na que recomenda a elaboración de estratéxias rexionais de xestión integral do litoral. Todos os elementos requiridos nesta Resolución estaban ausentes no proxecto de lei, que cubre só a novena parte dos problemas das rias.

O proxecto de lei carece do imprescindible enfoque preventivo, xa que responde a chamada política de final de tubería, de fixación de concentracións nos vertidos e no medio receptor, na que a lexislación ou o dereito chegan ao final do proceso contaminante cando, probabelmente, o dano xa está feito, ou cando para reparalo fan falla custosos investimentos. Non fai uso do concepto de incompatibilidades, que significa que as industrias mais contaminantes ou as actividades mais lesivas non se instalen nas zonas litorais.

Falla tamén o enfoque integral territorial, desde o punto de vista dos vertidos e da contaminación, ao non incluír os ríos e as bacias hidrográficas que verten nas rias, e iso cando é sabido que unha parte importante da contaminación que chega ás rias procede das industrias ubicadas terra dentro nas marxes dos ríos. Ignóranse igualmente os substratos das rias, que son aportados polos ríos, e que constitúen un dos principais factores de calidade productiva para o sector da acuicultura.

Unha verdadeira Lei das Rias debe planificar o territorio, a industria e as infraestructuras baseando-se no concepto de prevención dos impactos ambientais e na recuperación e conservación do medio natural

